

MARTES, 26 DE MAIO DE 2020 MARTES, 26 DE MAYO DE 2020 | BOP NÚMERO 73

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### TRAZO

*Bases que rexen a convocatoria de selección de dous/duas tractoristas para a realización de tarefas de desbroce de viais e pistas forestais no Concello de Trazo (resolución da alcaldía número 2020/g003/000072 de data 21/05/2020)*

#### **BASES QUE REXEN A CONVOCATORIA DE SELECCIÓN DE DOUS/DÚAS TRACTORISTAS PARA A REALIZACIÓN DE TAREFAS DE DESBROCE DE VIAIS E PISTAS FORESTAIOS NO CONCELLO DE TRAZO (Aprobadas por Resolución da Alcaldía número 2020/G003/000072 de data 21 de maio de 2020)**

##### **Primeira: obxecto da Convocatoria.**

É obxecto desta convocatoria a contratación laboral temporal de dous tractoristas, mediante oferta pública anunciada na páxina web [www.concellodetrazo.es](http://www.concellodetrazo.es) en xornada de trinta horas semanais polo prazo de cinco meses, na modalidade contractual de Contrato por obra ou servizo determinado.

Con data 14 de marzo de 2020 o Consello de Ministros declarou o estado de alarma, ao amparo do establecido no artigo 116 da Constitución Española de 1978 e da Lei Orgánica 4/1981, do 1 de xuño, dos estados de alarma, excepción e de sitio. Neste senso publicouse o Real Decreto 463/2020 de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crisis sanitaria ocasionada polo COVID-19.

A Disposición adicional terceira do Real Decreto 463/2020 establece con carácter xenérico unha suspensión e interrupción de plazos para a tramitación de procedementos das entidades do sector público

Non obstante, o apartado 4 de dita disposición adicional III prevé o seguinte:

*“4. Sen prexuízo do disposto nos apartados anteriores, desde a entrada en vigor do presente real decreto, as entidades do sector público poderán acordar motivadamente a continuación daqueles procedementos administrativos que veñan referidos a situacions estreitamente vinculadas aos feitos xustificativos do estado de alarma, ou que sexan indispensables para a protección do interese xeral ou para o funcionamento básico dos servizos”*

Este apartado evidencia que a norma recolle algunas excepcions á automática suspensión de termos e interrupción de prazos dos procedementos das entidades do sector público.

En concreto, para procedementos das diferentes entidades do sector público que se realicen co fin de asegurar o funcionamento básico dos servizos que os cidadáns necesitan. A satisfacción das necesidades de interese público máis esenciais permite que tamén neste caso poida acordarse, sempre de forma motivada, a continuación dos procedementos.

Pois ben no presente suposto, este procedemento responde a unha necesidade de dar resposta ao incremento das tarefas propias da temporda estival en aras á evitación de incendios forestais o cal xustifica a contratación de dous tractoristas para a realización destas actividades esenciais para o interese público das veciñas e veciños e Trazo, tal e como se veu facendo nestas datas en anos anteriores.

##### **Segunda: requisitos dos aspirantes**

Para poder participar no proceso de selección será necesario:

1. a) Ser español e maior de dezaoito anos, con idade non superior á xubilación, sen prexuízo do disposto na legalidade vixente para o acceso dos nacionais dos Estados membros da U.E., así como os estranxeiros residentes en España.
2. b) Estar en posesión do certificado de escolaridade ou EXB, ESO ou certificado de profesionalidade
3. c) Estar en posesión de permiso de conducir B1.
4. d) Non padecer enfermidade ou eiva física que impida o desempeño das correspondentes funcións.
5. e) Non ter sido separado, mediante expediente disciplinario, do servizo ao Estado, Comunidades Autónomas ou Entidades Locais, nin atoparse inhabilitado para o exercicio das funcións públicas.
6. f) Non estar incurso nos supostos de incompatibilidades previstas na lexislación vixente.

Os aspirantes deberán estar en posesión destes requisitos no momento de presentación da correspondente oferta.

**Terceira: proceso de selección**

Constará de dúas fases: valoración de méritos e entrevista personal.

**1.- Valoración de méritos:**

Valoraranse os seguintes méritos:

a) Cursos, seminarios, xornadas relacionadas coa actividade:

-Por cursos realizados de ata 10 horas: 0,10 puntos

-Por cursos realizados de ata 30 horas: 0,20 puntos

-Por cursos realizados de máis de 30 horas: 0,50 puntos. -Por cursos realizados de máis de 90 horas: 1,00 punto.

A puntuación máxima será de 1,5 puntos.

b) Coñecemento do galego:

Celga 3: 1,00 punto

Celga 5: 1,50 puntos.

A puntuación máxima por coñecementos do galego será de 1,50 puntos.

c) Experiencia profesional:

Experiencia profesional como tractorista ou similar en calquera Administración Pública: 0,2 puntos por mes ata un máximo de 2,00 puntos.

Experiencia profesional como tractorista ou similar na empresa privada: 0,2 puntos ata un máximo de 2,00 puntos

A puntuación máxima por experiencia profesional será de 2,00 puntos.

Para efectos da valoración da experiencia profesional, únicamente se valorarán os meses nos que se xustifique un mínimo de 40 horas mensuais, en calquera das distintas actividades, acompañando en todo caso, contratos, nóminas, certificacións de empresa ou Administración Pública e ademáis certificado de vida laboral expedido pola Tesorería Xeral da Seguridade Social.

d) Estar en posesión do permiso de conducción C1: 1.50

Para xustificar os méritos alegados os aspirantes achegarán documentos orixinais/fotocopias compulsadas que os acrediten, podendo o tribunal, se o considera oportuno, solicitar ampliación/aclaración sobre o contido dos mesmos. Os méritos alegados deberán ser entregados ao Tribunal para a súa valoración no momento de realización da entrevista curricular, sen que sexan admitidos en momento posterior.

**2.- Entrevista personal.**

1.- A entrevista farase preferentemente por medio audiovisual que permita acreditar a identidade do aspirante, debendo estar presente a Secretaria da Comisión avaliadora para acreditar o anterior. En caso de imposibilidade acreditada do aspirante convocarase para a realización da entrevista nun único chamamento, quedando decaído no seu dereito os aspirantes que non comparezan.

2. Os aspirantes deberán presentarse a entrevista, sexa telemática ou presencial provistos do DNI, ou documento fidedigno acreditativo da súa personalidade a xuízo do tribunal.

3. Os candidatos seleccionados para os postos de traballo ofertados deberán acreditar que cumplen os requisitos esixidos na base cuarta desta convocatoria.

**Cualificación do exame oral**

O exame será cualificada de 0,00 (cero) e 12,00 (doce) puntos.

Para súa valoración teranse en conta os seguintes criterios que deberán acreditar os aspirantes documentalmente nos termos que se sinalan a continuación o día en que teña lugar o exame:

\* Coñecementos sobre o posto de traballo ofertado ata un máximo de 8 puntos.

\* Grado de interese por parte do entrevistado/a no posto de traballo ofertado ata un máximo de 2 puntos.

\* Coñecemento dos lugares e parroquias do Concello de Trazo ata un máximo de 2 puntos.

**Cuarta: Comisión avaliadora**

Terá a seguinte composición:

- · PRESIDENTE: Andrés Luís Blanco Villares, ou funcionario que o substitúa.
- · SECRETARIA: María José Nartallo Penas, con voz e sen voto.
- · VOGAL 1: Alberto Conde Pereiro.
- · VOGAL 2: Ramiro Rama Figueira.

Os vogais deberán ter titulación ou especialización igual ou superior á esixida para o acceso ás prazas.

O Comisión avaliadora queda facultada para resolver cuntas dúbidas e demais circunstancias e incidencias xurdan durante o proceso selectivo así como tomar os acordos que procedan en orden á cobertura de prazas convocadas, podendo dispoñer a incorporación de asesores especialistas que estime necesarios, con voz pero sen voto.

Os membros da Comisión avaliadora están suxeitos ó disposto no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime xurídico das administracións, e aos dereitos por indemnización por asistencia, do artigo 33 do Real Decreto 236/1988.

**Quinta: Prazo e presentación de solicitudes.**

Os aspirantes presentarán a súa solicitude no prazo de catro días a contar dende o seguinte á publicación das presentes bases no Boletín oficial da provincia. Ademáis serán publicadas na páxina web do Concello.

**Sexta: Proposta de contratación**

A comisión proporá o nomeamento do/da aspirante que obtivera maior puntuación no conxunto das fases obxecto do proceso de selección.

A lista coa totalidade dos presentados e puntuación acadada quedará para poderen ser utilizada, ao longo de un ano como reserva (sempr respectando a orde da lista), para cubrir situacions de renuncia voluntaria, procesos de incapacidade temporal, maternidade ou calquera outra circunstancia, en prazas de oficial de segunda e un tractorista deste Concello. Cando un dos aspirantes incluídos na lista fose chamado para ocupar un posto, ao rematar o período de contratación recuperará o seu lugar inicial na mesma, de xeito que pode ser chamado para unha nova contratación.

**Sétima: presentación de documentos.**

Os aspirantes seleccionados presentarán a documentación acreditativa dos requisitos esixidos na base segunda.

Se dentro do prazo sinalado, e salvo casos de forza maior, non presentasen a súa documentación ou non acadasen os requisitos esixidos, non poderán ser contratados, quedando anuladas todas as súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade na que puideran incorrer por falsidade na súa solicitude para participar no proceso selectivo. Cumpridos os anteriores requisitos, o Presidente da Corporación procederá á formalizar o contrato.

**Oitava: período de proba**

Establécese un período de proba de un mes.

**Novena: impugnacións**

Os interesados poderán impugnar a presente convocatoria e as súas bases, así como todos os actos administrativos que se derivan da mesma, nos casos e na forma establecida na Lei 39/2015 e 40/2015 de procedemento administrativo.

Trazo, a 21 de maio de 2020

A Alcaldesa, Josefina Suárez López

2020/2887